PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

IES POLITÉCNICO DE VIGO

REVISIÓN Nº : 2
DATA:07/04/2022

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 07/04/2022

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 07/04/2022

Este documento intégrase na concreción curricular.

Anualmente, elaborarase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

1. Nos centros que imparten educación infantil, os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
2. En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.
3. Valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega realizados no curso anterior.
4. Información sobre os programas e actividades que se desenvolverán no curso seguinte.
5. Propostas de mellora para o curso seguinte.

Esta addenda entregarase xunto coa PXA.

TÁBOA DE CONTIDO

1. Introdución 3
2. Contexto sociolingüístico 3
3. Obxectivos xerais para o fomento da lingua galega 5
4. Liñas de actuación para o fomento da lingua galega 5
5. Decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato 6
6. Exencións 16
   a. Procedementos de solicitude (orde 10/2/14) 16
   b. Materiais e recursos específicos 16
   c. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten (primaria, secundaria e bacharelato) 16
7. Procedementos que aseguran que o alumnado acada a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais (formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, e ensinanza de persoas adultas) 17
8. Medidas de coordinación entre as materias de linguas impartidas no centro. Impartición do currículo integrado das linguas. 18
9. Equipo de dinamización de lingua galega 19
   a. Composición 19
      i. Profesorado 19
      ii. Alumnado 19
      iii. Persoal non docente 19
   b. Funcións 19
      i. Coordinador/a 19
      ii. Equipo 20
10. Programas e actividades para o fomento da lingua galega 20
11. Plurilingüismo 22
   a. Programas específicos de atención ao alumnado (con NEAE) 22
   b. Seccións bilingües 23
12. Avaliación 23

1. INTRODUCIÓN

A presente proposta para a planificación lingüística segue os obxectivos marcados pola lei 3/1983 de normalización lingüística e do decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia que a desenvolve e a ORDE de 10 de febrero de 2014 pola que se desenvolve o Decreto anterior.
A nosa comunidade esixe o coñecemento e uso de dúas linguas e iso supón unha necesidade e unha oportunidade (laboral, vital, social, etc.) para os individuos. O plurilingüismo individual e social (non só o bilingüismo) é elemento imprescindible do capital social de calquera individuo na sociedade actual.
Ser competentes en varias linguas é un obxectivo que debemos pretender desde un punto de vista individual e social. Galicia é unha sociedade plurilingüe, bilingüe historicamente aínda que coñecemos etapas en que se intentou ocultar esa realidade e mesmo condenar o uso do idioma propio. Hoxe calquera cidadán coñece as vantaxes de dominar varias linguas. Ademais da potenciación do uso da lingua galega, consideramos importante no centro a consolidación da aprendizaxe de, polo menos, unha lingua estranxeira.

2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

É habitual escoitar o galego nas rúas e establecementos do barrio, mais case sempre falado por axentes que, aínda que non operen como modelo lingüístico de referencia a imitar polos estudantes, lles permiten asimilar o idioma galego de maneira inconsciente e dotalos de competencias latentes que se poden e deben consolidar e ampliar ao longo do ensino secundario.
As asociacións e institucións da cidade - igrexa, centro de saúde, asociacións veciñais, clubs deportivos, centro cívico, bibliotecas, pavillóns deportivos, etc., non axudan á visibilización do idioma na súa práctica lingüística e, polo tanto, non inciden na ampliación dos contextos de uso oral habitual da lingua galega polo alumnado do centro.
Non se atopa na cidade unha actitude hostil contra o idioma, aínda que cando a lingua familiar é o galego a súa transmisión parece interromperse dunha xeración a outra. O concello xa non exerce o labor normalizador que se observaba hai anos, podéndose encontrar na cidade numerosos letreiros escritos só en castelán e mesmo topónimos que incumpren a lei de Normalización Lingüística (la Piedra, Valladares, etc.)

O profesorado

As aulas establecidas pola lei non se desenvolven plenamente en galego, con problemas, sobre todo, na oralidade, debido a deficiencias derivadas de non ter recibido formación en galego máis que a través dos cursos promovidos pola administración educativa e á falta de estímulo real para actualizar a súa competencia.
Existe unha clara tendencia ao uso maioritario do castelán nos corredores ou nas comunicacións orais informais entre o profesorado e o alumnado.
No caso dos diferentes órganos de participación e xestión do centro (claustros, consellos escolares, etc.), nas reunións do profesorado -avaliacións, coordinación de titores e titoras- ou na relación persoal coas familias, só unha parte do profesorado intervén en galego, e a maioría presenta unha actitude de falante pasivo, usando o idioma só ante persoas monolingües en galego.
A case totalidade dos departamentos usan a lingua galega nas tarefas burocráticas e mesmo nos traballos expostos nos corredores do centro.

Lingua do profesorado

Na utilización da lingua galega na docencia cúmprense cos requisitos da Lei de Normalización Lingüística.

No nivel coloquial ou informal a presenza do galego é notoriamente superior á dos usos formais para as aulas.

O alumnado

O alumnado procede maioritariamente do contorno da cidade e bisbarra e a maioría cursou en galego e castelán os niveis de primaria, tendo perfectamente asimilada a existencia de dúas linguas no seu espazo vital. A súa ligazón coa lingua existe por familia e contorno: o alumnado presenta unha competencia "natural" e unha asimilación das estruturas lingüísticas que non provoca ningún obstáculo para a súa actualización. Manteñen, porén, o castelán como lingua habitual -independentemente da lingua familiar-, aínda que non mostran fortes prexuízos e presentan actitudes bastante favorables polo idioma galego. Esta situación dificulta a aprendizaxe equilibrada das linguas curriculares por parte dos estudantes en xeral, e do alumnado de procedencia estranxeira, en particular, por careceren dun contexto comunicativo onde desenvolver as súas competencias. Da mesma maneira este contexto inflúe negativamente na fidelidade ao idioma do alumnado que ten o galego coma primeira lingua.

A lingua do noso alumnado.

Familia. Os resultados dinnos que a lingua galega vai perdendo uso, así maioritariamente o alumnado usa cos seus pais/nais e avós/avoas máis o castelán que o galego, e, dentro da familia, mesmo se dá diferente uso coa nai e co pai, sendo menor o uso coas nais. Usan máis o galego cos avós e coas avoas, o cal se debe interpretar coma unha paulatina perda ou menor uso do galego de atrás cara adiante, perdendo o seu papel de elemento de cohesión e identidade familiar. A pouca motivación para transmitir o galego débese á prexuízos varios herdados de períodos anteriores.

No primeiro Ciclo da ESO, a maior parte dos estudantes provén da adscrición, por tanto, da contorna. Esta proporción é menor en terceiro e cuarto curso. Pola súa banda, en bacharelato atopámonos unha grande variedade de procedencias, pero importante parte crecente procede dos concellos limítrofes da bisbarra e do rural, o cal é ben manifesto nos bacharelatos de arte, ao ser un dos poucos centros que imparte esta especialidade.

Nos Ciclos Formativos, dada a ampla oferta no centro, dáse unha situación similar, cun alumnado de procedencia variada, o que inclúe residentes nos Concellos limítrofes que si son galegofalantes.

Dos estudos feitos desde o EDL dedúcese que no alumnado predomina o idioma castelán. No entanto, a medida que avanzan os cursos detéctase un incremento do uso do galego, o cal é maior nos Ciclos Formativos, posiblemente debido a que moitos proveñen de aldeas ou vilas da provincia en que o galego está máis presente na vida cotiá. Tamén se observa que se fala máis na casa que coas amizades.

O centro: dirección e administración

A dirección do centro asimila o seu papel normalizador e a proxección social que os cargos comportan, obsérvanse posturas favorables, mais na relación oral co alumnado do centro segue a ser, nalgunhas ocasións, o castelán a lingua habitual. Nas tarefas administrativas ou

na correspondencia oficial, así coma en todos os documentos de proxección interna: actas, comunicados, horarios, avisos, rotulación, paxina web ... o galego é a lingua vehicular.
En conclusión, obsérvanse avances na actitude do centro en xeral canto á utilización do idioma galego, aínda que o camiño debe continuar percorréndose. O centro debe asumir o reto de fomentar a competencia no uso oral do galego, tarefa dificultosa, pois a presenza mediática maioritaria da lingua castelá, incide no uso das linguas a favor desta ultima, ocultando a realidade lingüística global do país.
.

3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

1. Privilexiar o uso da lingua galega nas relacións entre os membros da comunidade educativa.

2. Mellorar a competencia comunicativa en galego do alumnado en xeral e daqueles membros da comunidade que o desexaren.

3. Romper coa asociación instituto “plurilingüe” que se expresa maioritariamente en castelán.

4. Previr o desenvolvemento de prexuízos asociados ao uso da lingua galega (a mellor defensa de calquera lingua é o seu uso).

5. Asumir que a lingua galega é un instrumento de comunicación válido en todos os contextos, non só en usos rituais.

6. Transmitir á sociedade que neste centro consideramos a lingua galega un valor, por iso usámola en todos os ámbitos.

7. Facer visible o respecto polas dúas linguas oficiais da comunidade, favorecendo a que ten menos uso.

8. Facer do centro de ensino un espazo de socialización da lingua galega, de maneira que toda a comunidade escolar asuma que o uso do galego é normal nel.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

1. Provilexiar o uso da lingua galega como lingua vehicular dentro da comunidade educativa.

2. Asesorar lingüística e bibliograficamente os integrantes do Centro e resolver calquera dúbida relacionada co idioma.

3. Fornecer a Biblioteca e os diferentes Departamentos dos vocabularios técnicos propios de cada Ciclo Formativo.

4. Propor e asesorar a organización de actividades que potencien as actitudes positivas de todos os sectores da comunidade educativa pola normalización lingüística e o uso do galego nas actividades cotiás do Centro.

5. Manter a fidelidade lingüística do alumnado galego-falante.

6. Socializar o uso do galego entre o alumnado castelán-falante.

7. Usar o galego nas actividades complementarias e estraescolares.

O Departamento de Dinamización Lingüística do IES Politécnico de Vigo leva anos desenvolvendo múltiplas e diversas actividades que coinciden nos seus obxectivos cos aquí expostos. Ademais das propostas incluídas no proxecto do Equipo de Dinamización, dirixidas fundamentalmente ao alumnado, parece oportuno engadir outras dirixidas a todos os demais membros da comunidade educativa que incidirán, sen dúbida, positivamente na situación lingüística do centro e na superación de posibles prexuízos.

1. **Secretaría:** atender o público, tanto por teléfono como persoalmente, en galego. Manter a lingua mesmo cando o interlocutor fala en castelán.
2. **Conserxaría:** cando se atende o teléfono, cando se chama á casa do alumnado, cando se fala co alumnado ou cos pais e cas nais no mostrador: sempre en galego, salvo cando o interlocutor pida de maneira explícita ser atendido en castelán.
3. **Titores/as/ profesorado** en xeral na atención a pais/nais: tanto telefonicamente como en persoa, preferentemente en galego. Relación do profesorado co alumnado en situacións informais: por defecto, en galego.
4. **Dirección**: As reunións e atención a pais/nais en xeral procurarase que sexan en galego.

5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO

ESO	1º ESO		2º ESO		3º ESO	
MATERIA	H	LI	H	LI	H	LI
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA		G				G
EF		G		G		G
FÍSICA E QUÍMICA				C		C
LINGUA CASTELA		C		C		C
1ª LINGUA ESTRANXEI						
LIGUA GALEGA		G		G		G
MATEMÁTICAS		C		C		C
MÚSICA				G		G
PLÁSTICA		C				C
RELIXIÓN/VAL. ÉTIC.		G		G		G
TECNOLOXÍA				C		C
XEOGRAFÍA E HISTORIA		G		G		G
2ª LINGUA ESTRANX.						
PROGRAMACIÓN/ORATORIA		C		G		C
CASTELÁN (%)	12	48%	14	54%	12	48%
GALEGO (%)	13	52%	12	46%	13	52%

MATERIAS	4º ESO ACAD

	H	LI
EF		G
LINGUA CASTELA		C
1ª LINGUA ESTR.		
LIGUA GALEGA		G
MATEMÁTICAS		C
RELIXIÓN/VAL. ÉTIC		G
XEOGR. E HIST.		G
1ª TRON. OPC.*BIOLOXÍA		G
2ª TRON. OPC.*FISICA E QUIMICA		C
1ª ESP. OPC.*CULTURA CIENTIFICA		C
2ª ESP. OPC.*E. PLASTICA E VISUAL		G
* ESPECIFICAR O NOME DA MATERIA		
CASTELÁN (%)	13	48%
GALEGO (%)	14	52%

MATERIAS	4º ESO APLIC	
	H	LI
EF		G
LINGUA CASTELA		C
1ª LINGUA ESTR.		
LIGUA GALEGA		G
MATEMÁTICAS		C
RELIXIÓN/VAL. ÉTIC		G
XEOGR. E HIST.		G
1ª TRON. OPC.*TECNOLOXÍA		C
2ª TRON. OPC.*INIC. ACTIV. EMPRENDEDORA		C
1ª ESP. OPC.*ECONOMIA		G
2ª ESP. OPC.* E. PLÁSTICA E VISUAL		G
* ESPECIFICAR O NOME DA MATERIA		
CASTELÁN (%)	14	50%
GALEGO (%)	14	50%

1º BACHARELATO CIENCIAS

MATERIAS	H	LI
EF	2	C
FILOSOFÍA	3	G
LINGUA CASTELA I	3	C
1ª LINGUA ESTR. I	3	
LIGUA GALEGA I	3	G
FUNDAMENTOS DE ARTE I	4	
MATEMÁTICAS I	4	C
RELIXIÓN	1	C
1ª TRONCAL DE OPCIÓN*FISICA-QUIMICA	4	G
2ª TRONCAL DE OPCIÓN*DEBUXO TECNICO	4	G
ESPECIFICA DE OPCIÓN 1* BIOLO-XEOLOX	4	C
ESPECIFICA DE OPCIÓN 2*TECN. IND. I	3	C
ESPECIFICA DE OPCIÓN 3*ANAT. APLICAD	3	C
ESPECIFICA DE OPCIÓN 4*TIC	2	G
ESPECIFICA DE OPCIÓN 5*CULT.CIENTIF.	2	G
ESPECIFICA DE OPCIÓN 6*REF. MAT.	1	C
LIBRE CONFIGURACIÓN * FIL. RELIXIÓNS	1	G
CASTELÁN (%)	19	50%
GALEGO (%)	19	50%

1º BACHARELATO ARTES

MATERIAS	ARTES	
	H	LI
EF	2	C
FILOSOFÍA	3	G
LINGUA CASTELA I	3	C
1ª LINGUA ESTR. I	3	
LIGUA GALEGA I	3	G
FUNDAMENTOS DE ARTE I	4	C
MATEMÁTICAS I		
LATÍN I		
RELIXIÓN	1	G
1ª TRONCAL DE OPCIÓN*CULT. AUDIOV.	4	C
2ª TRONCAL DE OPCIÓN*HIST. MUND.CONT	4	G
ESPECIFICA DE OPCIÓN 1* LIT. UNIVERSAL	4	C
ESPECIFICA DE OPCIÓN 2*VOLUME	3	G
ESPECIFICA DE OPCIÓN 3*DEB. ARTIST.	3	C
ESPECIFICA DE OPCIÓN 4*TIC	2	G
ESPECIFICA DE OPCIÓN 5*REFORZO PORT.	1	
LIBRE CONFIGURACIÓN * FILOSOF.RELIX.	1	G
CASTELÁN (%)	20	54%
GALEGO (%)	17	46%

2º BACHARELATO CIENCIAS

MATERIAS	H	LI
HISTORIA	3	G
LINGUA CASTELA II	3	C
1ª LINGUA ESTR. II	3	
LIGUA GALEGA II	3	G
MATEMÁTICAS II		C
LATÍN II		
RELIXIÓN	1	C
1ª TRONCAL DE OPCIÓN* FISICA/XEOLOXIA	4	G
2ª TRONCAL DE OPCIÓN* QUIMICA	4	C
ESPECIFICA DE OPCIÓN 1* BIOLOXÍA	4	G
ESPECIFICA DE OPCIÓN 2*TECNOLOX.IND.	3	G
ESPECIFICA DE OPCIÓN 3* CC. DA TERRA	3	C
ESPECIFICA DE OPCIÓN 4* ELECTROTECNI	2	C
ESPECIFICA DE OPCIÓN 5*REF. MATEMAT.	1	C
LIBRE CONFIGURACIÓN*ETIC. E FILOSOFIA DO DEREITO	2	C
LIBRE CONFIGURACIÓN * ESTETICA	1	G
CASTELÁN (%)	19	50%
GALEGO (%)	19	50%

2º BACHARELATO ARTES

MATERIAS	ARTES	
	H	LI
HISTORIA	3	G
LINGUA CASTELA II	3	C
1ª LINGUA ESTR. II	3	
LIGUA GALEGA II	3	G
FUNDAMENTOS DE ARTE II	4	C
MATEMÁTICAS II		
LATÍN II		
RELIXIÓN	1	C
1ª TRONCAL DE OPCIÓN*CULTURA AUDIOV	4	C
2ª TRONCAL DE OPCIÓN* DESEÑO	4	G
ESPECIFICA DE OPCIÓN 1*DEBUXO TEC.	4	C
ESPECIFICA DE OPCIÓN 2*DEBUXO ART.	3	C
ESPECIFICA DE OPCIÓN 3*TEC. EXPR.GRAFICO PLASTICAS	3	G
ESPECIFICA DE OPCIÓN 4* TIC	2	C
ESPECIF. DE OPCION 5:PATRIM. ART. CULT.	2	G
ESPECIFICA DE OPCIÓN 5* ESTÉTICA	1	G
LIBRE CONFIGURACIÓN*LITERAT.GALEGA SECULO XX	2	G
LIBRE CONFIGURACIÓN * HOLOCAUSTO E MEMORIA	1	G
CASTELÁN (%)	21	51,2%
GALEGO (%)	20	48,8%

FAMILIA ELECTRICIDADE- ELECTRÓNICA

CICLO FORMATIVO:CBELE ELECTRICIDADE ELECTRONICA			
	MÓDULOS	H	LI
1º CURSO	INST. ELECTRICAS E DOMÓTICAS	10	C
	EQUIPAMENTOS ELÉCTRICOS-ELECTRÓNICOS	8	G
	CIENCIAS APLICADAS	6	C
	COMUNICACIÓN E SOCIEDADE	7	G
	CASTELÁN (%)	16	52%
	GALEGO (%)	15	48%
2º CURSO	INST. DE TELECOMUNICACIÓNS	9	G
	INST. E MANTEMENTO DE REDES TRANSMISIÓN	9	C
	CIENCIAS APLICADAS II	7	C
	COMUNICACIÓN E SOCIEDADE II	6	G
	CASTELÁN (%)	16	52%
	GALEGO (%)	15	48%

CICLO FORMATIVO:CM INST. ELECTRICAS E AUTOMÁTICAS			
	MÓDULOS	H	LI
1º CURSO	AUTOMATISMOS INDUSTRIAIS	8	G
	ELECTRÓNICA	4	C
	ELECTROTECNIA	8	G
	INST. ELECTRICAS INTERIORES	12	C
	FOL	4	G
	CASTELÁN (%)	16	44%
	GALEGO (%)	20	56%
2º CURSO	INST. DE DISTRIBUCIÓN	9	C
	INFRAESTRUCTURAS DE TELEC. EN VIV E EDIF.	7	G
	INSTALACIÓNS DOMÓTICAS	7	C
	INST. SOLARES FOTOVOLTAICAS	3	C
	MÁQUINAS ELÉCTRICAS	7	G
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	3	G
	CASTELÁN (%)	19	53%
	GALEGO (%)	17	47%

CICLO FORMATIVO:CS AUTOMATIZACIÓN E ROBÓTICA INDUSTRIAL			
	MÓDULOS	H	LI
1º CURSO	SIST. ELECTRICOS PNEUMAÁTICOS E HIDRAULICOS	6	C
	SISTEMAS SECUENCIAIS PROGRAMABLES	6	G
	SISTEMAS DE MEDIDA E REGULACIÓN	5	C
	SISTEMAS DE POTENCIA	7	C
	DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	4	G
	INFORMÁTICA INDUSTRIAL	4	G
	FOL	4	G
	CASTELÁN (%)	18	50%
	GALEGO (%)	18	50%
2º CURSO	SIST. PROGRAMABLES AVANZADOS	7	C
	ROBÓTICA INDUSTRIAL	3	C
	COMUNICACIÓNS INDUSTRIAIS	11	G
	INTEGRACION DE SIST. DE AUTOMAT. INDUSTRIAL	3	C
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	3	G
	CASTELÁN (%)	13	48%
	GALEGO (%)	14	52%

CICLO FORMATIVO:CS SIST. ELECTROTÉCNICOS AUTOMATIZADOS			
	MÓDULOS	H	LI
1º CURSO	PROCESOS EN INST. DE INFRAEST. DE TELECOMUNIC.	7	G
	TECNICAS E PROCESOS EN INST. ELECTRICAS	9	C
	SISTEMAS E CIRCUITOS ELECTRICOS	8	C
	TECNICAS E PROC. INSTALACIONS DOMÓTICAS	8	G
	FOL	4	G
	CASTELÁN (%)	17	47%
	GALEGO (%)	19	53%
2º CURSO	DOCUMENTACIÓN TÉCNICA EN INST. ELÉCTRICAS	6	G
	DESENV. REDES ELECTRICAS E CT	6	C
	CONFIG. DE INST. DOMÓTICAS E AUTOMÁTICAS	8	G
	CONF. DE INST. ELECTRICAS	8	C
	XEST. MONTAXE DO MANT. DE INST. ELECTRICAS	4	C
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	3	G
	CASTELÁN (%)	18	51%
	GALEGO (%)	17	49%

FAMILIA FABRICACIÓN MECÁNICA

CICLO FORMATIVO:CM MECANIZADO			
	MÓDULOS	H	LI
1º CURSO	PROCESOS DE MECANIZADO	6	C
	FABRICACIÓN POR ARRANQUE DE LABRA	15	G
	SISTEMAS AUTOMATIZADOS	6	C
	INTERPRETACIÓN GRÁFICA	5	G
	FOL	4	C
	CASTELÁN (%)	16	47%
	GALEGO (%)	20	53%
2º CURSO	MECANIZADO POR CONTROL NUMÉRICO	18	C
	FABRICACIÓN POR ABRASIÓN, ELECTROEROSIÓN..	8	G
	METROLOXÍA E ENSAIOS	7	G
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	3	G
	CASTELÁN (%)	18	50%
	GALEGO (%)	20	50%

CICLO FORMATIVO:CS PROG. DA PRODUCCIÓN EN FABRICACIÓN MECÁNICA			
	MÓDULOS	H	LI
1º CURSO	DEFINICION DE PROC. DE MECANIZADO, CONFOR. MONTAXE	8	G
	EXECUCIÓN DE PROCESOS DE FABRICACIÓN	7	C
	INTERPRETACIÓN GRÁFICA	5	G
	PROG. DE SIST. AUTOM. DE FAB. MECÁNICA	6	G
	VERIFICACIÓN DE PRODUTOS	6	C
	FOL	4	C
	CASTELÁN (%)	17	47,2%
	GALEGO (%)	19	52,8%
2º CURSO	FABRICACIÓN ASISTIDA POR COMPUTADOR	3	C
	MECANIZADO POR CONTROL NUMÉRICO	10	C
	PROGRAMACIÓN DA PRODUCCIÓN	5	G
	XESTION DA CALIDADE, PREV DE RISCOS	4	G
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	2	G
	CASTELÁN (%)	13	54,2%
	GALEGO (%)	11	45,8%

FAMILIA EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL

CICLO FORMATIVO:CS PROXECTOS DE EDIFICACIÓN			
	MÓDULOS	H	LI
1º CURSO	ESTRUCTURAS DE CONSTRUCIÓN	4	C
	REPRESENTACIÓNS DE CONSTRUCIÓN	13	G
	IMPLANTACIÓNS DE CONSTRUCIÓN	5	C
	DESEÑO E CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS	5	C
	INSTALACIÓNS EN EDIFICACIÓN	5	G
	FOL	4	C
	CASTELÁN (%)	18	50%
	GALEGO (%)	18	50%
2º CURSO	MEDICIÓNS E VALORACIÓNS DE CONSTRUCIÓN	5	G
	PLANIFICACIÓN DE CONSTRUCIÓN	5	G
	EFICIENCIA ENERXÉTICA EN EDIFICACIÓN	4	G
	DESENV. PROXECTOS EDIFICACIÓN RESIDENCIAL	12	C
	DESENV. PROXECTOS EDIF. NON RESIDENCIAL	7	C
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	3	G
	CASTELÁN (%)	19	53%
	GALEGO (%)	17	47%

CICLO FORMATIVO:CS PROXECTOS DE OBRA CIVIL			
	MÓDULOS	H	LI
1º CURSO	ESTRUCTURAS DE CONSTRUCIÓN	4	C
	REPRESENTACIÓNS DE CONSTRUCIÓN	13	G
	IMPLANTACIÓNS DE CONSTRUCIÓN	5	C
	REDES E SERVIZOS EN OBRA CIVIL	5	G
	URBANISMO E OBRA CIVIL	5	C
	FOL	4	C
	CASTELÁN (%)	18	50%
	GALEGO (%)	18	50%
2º CURSO	MEDICIÓNS E VALORACIÓNS DE CONSTRUCIÓN	5	G
	PLANIFICACIÓN DE CONSTRUCIÓN	5	G
	LEVANTAMENTOS TOPOGRÁFICOS	7	C
	DESENV. PROXECTOS URBANISTICOS	10	C
	DESENV.PROXECTOS OBRAS LINEAIS	6	G
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	3	G
	CASTELÁN (%)	17	47%
	GALEGO (%)	19	53%

CICLO FORMATIVO:CS ORGANIZACIÓN E CONTROL DE OBRAS DE CONSTRUCIÓN			
	MÓDULOS	H	LI
1º CURSO	ESTRUTURAS DE CONSTRUCIÓN	4	G
	IMPLANTACIÓNS DE CONSTRUCIÓN	5	G
	DOCUMENTACIÓN DE PROXECTOS E OBRAS DE CONSTRUCIÓN	6	C
	PROCESOS CONSTRUCTIVOS EN EDIFICACIÓN	8	C
	PROCESOS CONSTRUCTIVOS EN OBRA CIVIL	6	G
	CONTROL DE ESTRUCTURAS DE CONSTRUCIÓN	3	G
	FOL	4	C
	CASTELÁN (%)	18	50%
	GALEGO (%)	18	50%
2º CURSO	MEDICIÓNS E VALORACIÓNS DE CONSTRUCIÓN	5	G
	PLANIFICACIÓN DE CONSTRUCIÓN	5	G
	CONTROL DE EXECUCIÓN EN OBRAS DE EDIFICACIÓN	7	C
	CONTROL DE EXECUCIÓN EN OBRA CIVIL	5	G
	REHABILIT.CONSERV. DE OBRAS DE CONSTRUCIÓN	11	C
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	3	G
	CASTELÁN (%)	18	50%
	GALEGO (%)	18	50%

FAMILIA INSTALACIÓN E MANTEMENTO

CICLO FORMATIVO:CM MANTEMENTO ELECTROMECÁNICO			
	MÓDULOS	H	LI
1º CURSO	TÉCNICAS DE FABRICACIÓN	9	G
	TÉCNICAS DE UNIÓN E MONTAXE	5	G
	ELECTRICIDADE E AUTOMATISMOS ELÉCTRICOS	9	C
	AUTOMATISMOS PNEUMATICOS E HIDRAULICOS	9	C
	FOL	4	G
	CASTELÁN (%)	18	50%
	GALEGO (%)	18	50%
2º CURSO	MONTAXE E MANTEMENTO MECÁNICO	12	G
	MONTAXE E MANTEMENTO ELÉCTRICO-ELECTRÓNIC	11	C
	MONTAXE E MANT. DE LIÑAS AUTOMATIZADAS	10	C
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	3	G
	CASTELÁN (%)	21	58%
	GALEGO (%)	15	42%

CICLO FORMATIVO:CS MECATRÓNICA INDUSTRIAL			
	MÓDULOS	H	LI
1º CURSO	SISTEMAS ELÉCTRICOS-E ELECTRÓNICOS	8	G
	SISTEMAS MECÁNICOS	7	C
	ELEMENTOS DE MÁQUINAS	4	C
	PROCESOS DE FABRICACIÓN	8	G
	REPRESENTACIÓN GRÁFICA DE SIST. MECATRÓNICO	5	C
	FOL	4	G
	CASTELÁN (%)	16	45%
	GALEGO (%)	20	55%
2º CURSO	SIST. HIDRAULICOS E PNEUMÁTICOS	6	C
	CONFIG. DE SISTEMAS MECATRÓNICOS	8	G
	PROC. E XEST. DE MANTEMENTO E CALIDADE	6	C
	INTEGRACIÓN DE SISTEMAS	9	G
	SIMULACIÓN DE SISTEMAS MECATRÓNICOS	4	C
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	3	G
	CASTELÁN (%)	16	45%
	GALEGO (%)	20	55%

CICLO FORMATIVO:CS PREVENCIÓN DE RISCOS PROFESIONAIS			
	MÓDULOS	H	LI
1º CURSO	EMERXENCIAS	7	C
	PREV. DE RISCOS DERIVADOS DA ORG. E A CARGA	8	G
	RISCOS FÍSICOS AMBIENTAIS	8	C
	TIC NA EMPRESA	5	C
	XESTIÓN DA PREVENCIÓN	9	G
	CASTELÁN (%)	20	54%
	GALEGO (%)	17	46%
2º CURSO	RISCOS DERIVADOS DAS COND. DE SEGURIDADE	11	C
	RISCOS QUÍMICOS BIOLÓXICOS E AMBIENTAIS	9	G
	PROXECTO INTEGRADO	4	C
	INGLÉS		
	FOL	3	G
	RET	3	G
	CASTELÁN (%)	15	50%
	GALEGO (%)	15	50%

6. EXENCIÓNS

O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun pais estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo en Galicia no 3º ciclo de educación primaria, na ESO ou en Bacharelato poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos

A. PROCEDEMENTOS DE SOLICITUDE (ORDE 10/2/14)

A solicitude da exención deberá presentarse en soporte papel, usando o formulario normalizado que figura como anexo a ORDE10 de febreiro de 2014. Esta solicitude irá asinada polo alumno/a solicitante, polo seu pai/nai/titor/titora ou pola persoa que teña a súa representación legal, se é menor de idade, e nela exporanse as razóns polas que se solicita a exención.

A solicitude dirixirase á persoa titular da Dirección do centro onde o alumno/a curse os seus estudos No caso de a persoa solicitante ou de quen o represente non prestar o seu consentimento para a comprobación dos datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do departamento ministerial competente, no modelo de solicitude normalizado, deberá achegar a copia do documento de identidade correspondente.

A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia, e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder mais de dous cursos escolares, conforme ao previsto no art. 3 da ORDE 10 de febreiro de 2014.

O prazo para facer a solicitude abranguerá dende o 1 de setembro de cada ano ata o 5 de outubro para o alumnado da ESO e ata o 20 de outubro para o alumnado de bacharelato.

Cando se tratar dun alumno/a con traslado de matrícula viva, procedente dun centro doutra comunidade autónoma ou do estranxeiro, o prazo de presentación será de vinte días seguintes á incorporación ao novo centro.

Para o alumnado que se matricule en ensino de persoas adultas, o prazo de presentación será de 20 días seguintes ao da presentación da súa solicitude de matrícula nestes ensinos.

B. MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS

Na páxina web do centro (www.edu.xunta.gal/centros/iespolitecnicovigo) dentro da aula virtual están a disposición deste alumnado materiais elaborados polo departamento de lingua e literatura do centro, que lle permitirá iniciarse no manexo da lingua galega, con lecciónns e multitude de exercicios de diversa dificultade, así como con temas de xeografía, historia…

Ademais existen traballos a disposición na páxina web elaborada polo xefe de Dpto. de Lingua e literatura galega na dirección: www.galego-on.com

C. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN (SECUNDARIA E BACHARELATO)

O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou en que vaia matricularse, en igualdade de condicións ca os demais compañeiros ou compañeiras da clase.

O incumprimento por parte do alumnado do establecido no primeiro parágrafo determinará a revogación da exención, logo dos informes pertinentes e unha vez ouvida a persoa interesada ou, de ser o caso, os seus proxenitores, titores ou representantes legais. Esta revogación ou denegación da exención producirán como efecto a obriga de ser cualificado nas avaliacións parciais e final ao final do curso en que se atope.

Nos cursos da educación secundaria, obrigatoria, FP Básica e PMAR, adóptanse diversas medidas co obxectivo de mellorar a competencia lingüística do alumnado que presenta un dominio das linguas inferior ao propio do nivel, como son reforzos, apoios de aula, desdobramentos e grupos de exentos de segunda lingua estranxeira, e grupo de alumnos estranxeiros (sobre todo, senegaleses e sudamericanos) que reciben clases especiais de galego e castelán polas tardes. Todas as necesidades educativas están en réxime ordinario, non habendo ningunha en réxime especial.

1º curso ESO: i. Grupo de exentos de segunda lingua estranxeira: constituído polo alumnado con dificuldades, especialmente na área de lingua, que, normalmente, traen de primaria as linguas suspensas, ou que presentan trastornos específicos da linguaxe ou trastornos de hiperactividade. O deseño das actividades realizadas procuran mellorar a competencia lingüística. Hai agrupamento en galego e castelán que se desdobra do resto do curso, e clases de reforzo polas tardes

2º curso ESO i. Desdobramento nos dous grupos de 2º, tanto para lingua galega como castelán, para o alumnado que non acadou os obxectivos de 1º ESO para o ámbito das linguas, ou que repite 2º. ii. Grupo de exento de segunda lingua estranxeira: representa a continuidade do grupo do curso anterior e ten os mesmos obxectivos. Hai clases de reforzo polas tardes.

3º curso ESO

Programa de mellora: conformado co alumnado que presenta dificuldades de aprendizaxe, especialmente nas linguas. O programa permite unha atención individualizada coa correspondente mellora da competencia lingüística. Hai agrupamento e clase unha tarde en galego e outra en castelán. A estas clases tamén poden asistir alumnos da FP Básica e PMAR.

4º curso ESO i. Programa de mellora. O programa permite unha atención individualizada coa correspondente mellora da competencia lingüística. Hai agrupamento e clase unha tarde en galego e outra en castelán.

1º Bacharelato

Hai clases de recuperación de 1º de Bacharelato en Lingua castelá para alumnos de 2º de Bacharelato diurno, unha hora, os xoves pola tarde

7. PROCEDEMENTOS QUE ASEGURAN QUE O ALUMNADO ACADA A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA PROPIA DO NIVEL EN AMBAS AS LINGUAS OFICIAIS (FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA, ENSINANZAS ARTÍSTICAS E DEPORTIVAS, E ENSINANZA DE PERSOAS ADULTAS)

a) Adaptándonos ao réxime especial de adultos, o alumnado con dificuldades de aprendizaxe nas linguas dos módulo 3 – impartidos no primeiro cuadrimestre- e que non superaron o ámbito de comunicación, no segundo cuadrimestre continúan, no horario do ámbito, con clases de reforzo e atención individualizada.

b) Segundo a distribución horaria, nas tardes dos luns, martes, mércores e xoves, por un total de oito sesións impártense clases de apoio orientadas ao alumnado con especial dificuldade, entre outras, na área lingüística, e con necesidade de atención individualizada.
c) As citadas sesións están dirixidas, tamén, a atender poboación inmigrante (senegaleses, que na súa maioría falan uolof; rumanos, etc.) realizando reforzo da súa formación lingüística e, asemade, de coñecementos históricos e socioculturais que faciliten a súa integración.
d) O alumnado de 2º de Bacharelato do vespertino e da quenda de adultos/as pode asistir ás clases dun grupo de 1º que lle asigna a Xefatura de Estudos, ou ben recuperar mediante traballos e exames que programe o Xefe de Departamento, de acordo coa Programación do Departamento, que está en consonancia coa Programación oficial.

Medidas para a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s).

A necesidade de que o alumnado adquira ao longo do seu proceso de escolarización unha maior competencia lingüística no uso de segundas linguas para afrontar con máis capacitación realidades supraestatais e multilingües como a Unión Europea e a dinámica dun mundo globalizado que se expresa, cada vez máis, case exclusivamente en inglés, levounos a iniciar, coa autorización da Administración, programas educativos de intercambios e participación en Programas Erasmus, Sócrates, Comenius…

Programa Erasmus+ para a formación profesional

Amais do obxectivo xeral enunciado anteriormente, na formación profesional, como obxectivo específico, procúrase implicar o alumnado en proxectos europeos de mobilidade para a aprendizaxe como parte da súa formación profesional e persoal, e para facilitar o desempeño laboral no espazo europeo.

Os diferentes ciclos formativos participan no programa Erasmus+ de mobilidade no espazo europeo para as prácticas en empresa.

8. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.

No DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, contémplase que no proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluirán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

A tal efecto, os departamentos de linguas castelá, galega, portuguesa, inglesa e francesa traballarán xuntos e coordinaranse no traballo das catro destrezas básicas, procurando a utilización

da mesma terminoloxía, evitando redundancias á hora de explicar e procurando que o alumnado sexa o máis competente posible en todas elas.

O obxectivo de todas as linguas é a comprensión oral e escrita así como a produción oral e escrita.

Con este obxectivo, por parte destes departamentos elaboraranse algunhas rúbricas de avaliación básicas común a todas elas, e deseñaranse unha serie de actividades a desenvolver. Unha destas actividades posibles será "escribir unha carta" en todas as linguas e observar e comentar as diferenzas e semellanzas nelas en todos os departamentos lingüísticos.

9. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

A. COMPOSICIÓN

COORDINADOR:
Jorge Rodrigues Gomes

I. PROFESORADO

Xoán Xosé Santos Costa

Lorena Cambón Cancela

II. ALUMNADO

Carla Casas López (3º ESO)

Naila Cabaleiro Moreira (2º Bacharelato)

Noelia Lago Carpintero (2º Bacharelato)

III. PERSOAL NON DOCENTE

Angeles Vázquez Salgado

B. FUNCIÓNS

I. COORDINADOR/A

Son competencia do coordinador:

1. Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
2. Responsabilizarse da redacción dos planos que serán propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
3. Convocar e presidir as reunións do equipo.
4. Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, en que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluirá na memoria do centro
5. Proporcionar aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

II. EQUIPO

Segundo o artigo 15 do decreto 79/2010 de 20 de maio, este equipo terá como papel fundamental o deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega. Terá as seguintes funcións:

1. Presentar a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluirán no proxecto educativo de centro.

2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:

   a) Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
   b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

3. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.

4. Elaborar e dinamizar un plano anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos planos anteriores.

5. Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

10. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Todas as actividades irán encamiñadas a cumprir os obxectivos anteriormente citados. Propomos a seguir algunhas, sen rexeitar aqueloutras que poidan xurdir ao longo do curso.

1. Revisión ortográfica do material educativo que a tal fin se nos presente.

2. Participación, xunto coa Vicedirección, nas actividades culturais que teñan que ver coa realidade galega.

3. Colaboración co Equipo de Integración para que o alumnado coa posibilidade de exención de galego quede integrado na nosa lingua.

4. Colaboración coa Asociación de Pais e Nais e demais persoal do Centro para a expansión da lingua galega en todas as actividades.

5. Colaboración coa Vicedirección para que as actividades extraescolares, visitas culturais, excursións, etc. se realicen en lingua galega.

6. Elaboración de letreiros e carteis con motivos normalizadores en taboleiros do Instituto e de canta información contribúa á normalización do noso idioma.

7. Campaña de envío de cartas a centros comerciais e de ocio, presentándonos e solicitando información da súa política lingüística, convidándoos amigablemente a utilizar o noso

idioma. Nesta actividade tentaríamos implicar os Equipos de Dinamización doutros institutos da zona.

8. Edición dun novo número da Revista Folerpa da Candeira, aberta fundamentalmente aos traballos do alumnado, mais, tamén, ao resto da comunidade educativa do Centro. Promoveremos non só as publicacións de creación literaria e plástica, senón tamén as de breve ensaio e/ou opinión de temas relacionados con materias como a matemática, as ciencias, os Ciclos Formativos... así coma algunha recensión dun libro, a crítica ou recollida de visitas a museos, empresas..., o resumo de conferencias impartidas, unha sección onde se fale de comportamentos, coidado do mobiliario do Instituto, etc.

9. Continuar coas actividades de divulgación e coñecemento da toponimia galega, continuando neste ano coa do concello de Vigo, onde se sitúa o centro, para o cal se traballará con libros e mapas recentemente publicados polo Concello de Vigo. Esta actividade serviría de base e complemento do safari fotográfico, que se cita posteriormente, e colaborarían os departamentos de lingua galega e ciencias sociais.

10. Participación na actividade denominada Correlingua organizada pola Mesa pola Normalización Lingüística consistente nunha marcha a pé, lúdica e deportiva, polas rúas da cidade en defensa do noso idioma. Nesta actividade colaborarìan profesores de educación física. Destinada ao alumnado da ESO.

11. Dentro do campo da informática, o alumnado recibirá información dos recursos de Internet con que pode mergullarse na cultura e sociedade de Galicia. Terá información das actividades realizadas neste senso en diferentes páxinas da Internet.

12. Asistencia ás reunións convocadas polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo e colaboración co mesmo. Tamén asistencia e colaboración coa Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística da bisbarra de Vigo.

13. Organización dun “safari fotográfico” para denunciar a discriminación da lingua galega no ámbito urbano en que se encontra o noso centro.

14. Celebración dos Santos e realización dun magosto no mes de novembro, continuando a tradición iniciada en anos anteriores. Non se tratará simplemente de facer unha festa, mais de explicar o significado que esta celebración ritual ten na cultura galega, o cal se fará dándolle a este tema un enfoque interdisciplinar, e misturando o seu carácter lúdico co formativo e cultural.

15. Organización de excursións conxuntas con alumnado de centros rurais onde o alumnado sexa galegofalante para promover o convivio e o coñecemento por parte do noso alumnado urbano, e maioritariamente castelanfalante, da realidade viva do noso idioma.

16. Elaboración dun programa de radio semanal no recreo, utilizando a emisora do centro e emitindo só no interior do recinto, continuando unha actividade comezada en anos anteriores e que se prolongará en próximos cursos. Neste programa o alumnado informaría das actividades semanais do Equipo de Dinamización, da actualidade cultural galega, así como todo tipo de seccións do xénero xornalístico (entrevistas, reportaxes, concursos, etc.). Destinada ao alumnado dos ciclos, bacharelato e ESO co fin de incidir na expresión oral.

17. Organización dun concurso literario polo día das letras galegas.

18. Organización de visitas culturais relacionadas co aspectos importantes da cultura galega (ruta da Esmorga, casa-museo de Otero Pedraio, etc.)

19. Elaboración dunha sondaxe sobre hábitos lingüísticos no centro.

20. Manter o taboleiro da Lingua, continuando coa iniciativa xurdida en cursos pasados. Neste taboleiro exporanse libremente as informacións e noticias de todo tipo que se publiquen na prensa relacionadas coa lingua galega, sexan estas positivas ou negativas, de maneira a facer un seguimento público do proceso de normalización lingüística no noso país. Igualmente utilizarase para informar das actividades organizadas polo departamento de Dinamización Lingüística.

21. Celebración do Entroido, que da mesma maneira que se fará co Magosto, aproveitarase para traballar no contido cultural da festa, de maneira que o alumnado entenda o seu significado histórico e social, así como o carácter específico do Entroido galego como unha manifestación da nosa identidade cultural.

22. Elaboración dun boletín cibernético, con posibilidade de posterior impresión periódica e/ou crear unha páxina Web onde se expoñan as actividades do equipo de normalización, así como todas aquelas noticias e informacións que teñan que ver co nosa lingua ou co noso Centro.

23. Organización dunha campaña de difusión dos nomes e apelidos galegos.

24. Organizar recitais de poesía ou sesións de conta-contos.

21. Participación nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Os distintos departamentos están informados da disponibilidade deste equipo para os axudarmos en todo o que precisen en relación coa lingua galega, así coma da receptividade deste para levar a cabo as súas suxestións respecto á galeguización do ensino.

Para algunhas destas actividades, o E.N.L. solicitará as axudas que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dispón para tal fin.

11. PLURILINGÜISMO

A. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO (CON NEAE)

Segundo a disposición adicional terceira do decreto 79/2010, a Administración educativa elaborará e presentará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais que asegure a súa capacitación lingüística nas linguas oficiais.

As medidas de atención ao alumnado con NEAE na educación secundaria obrigatoria están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos desta etapa educativa e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

A atención educativa á diversidade entendémola como o conxunto de medidas e acción deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais do alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e concretámolas en propostas curriculares e organizativas que teñen en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.
Trátase de conseguir que todas as persoas consigan acadar o máximo desenvolvemento persoal e social, polo que é necesario facilitarlles unha educación adaptada ás súas singularidades,que garanta a igualdade efectiva de oportunidades, ofrecéndolles os recursos necesarios.
Adaptamos as propostas dos libros de texto que contemplan actividades de atención á diversidade no propio libro do alumnado, no final de cada unha das unidades. Ademais, ofrécese na Proposta didáctica unha serie de actividades por unidade que procuran facilitar o traballo co alumnado que presenta maiores dificultades de aprendizaxe. Estas actividades están adecuadas ao currículo vixente para a ESO e non alteran os seus obxectivos, competencias clave, contidos, estándares de aprendizaxe avaliables e criterios de avaliación, senón que os adaptan para dar resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe e ás características individuais e os estilos de aprendizaxe que poida presentar o alumnado.

B. SECCIÓNS BILINGÜES

A ORDE de 12 de maio de 2011 regula en centros sostidos con fondos públicos as seccións bilingües. No art. 2 defíneas como a organización do ensino dunha área ou materia non lingüística que se cursa nun nivel por un grupo de alumnos/as dun xeito bilingüe, na lingua cooficial que corresponda, e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea, que é impartida como área ou materia a ese grupo de alumnado.

No art. 13 establécese que os centros que desexaren iniciar a implantación de seccións bilingües deberán facer a correspondente solicitude, e xuntar a seguinte documentación:

a) Proxecto de participación no plan onde se recollan aspectos como: profesorado e alumnado participante, obxectivos propostos e os contidos; etapas e cursos en que se desenvolverá; áreas, materias ou módulos; estratexias metodolóxicas, pautas para a avaliación do proxecto…
b) Cerificación de aprobación do proxecto polo consello escolar, unha vez oído o claustro.
c) Compromiso do profesorado implicado de formar parte do proxecto durante como mínimo dous anos.
d) Relación do profesorado da área, materia ou módulo non lingüístico, xunto coas credenciais de posuir destino definitivo do centro e a titulación que acredite a súa competencia lingüística no nivel requerido (B2)
e) Certificación da dirección do centro co número de alumnos/as que participaran na sección.
f) Informe de Inspección educativa

Nestes momentos no IES Politécnico de Vigo non está implantada ningunha sección bilingüe.

12. AVALIACIÓN

O Proxecto lingüístico do centro remitiráselle cada catro cursos escolares aos servizos de inspección educativa.

Anualmente elaborarase unha addenda do proxecto no cal constará:

a) As modificacións na impartición de materias en linguas estranxeiras aprobadas polo centro e autorizadas pola Consellería de Educación.

b) Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizadas polo centro no curso anterior, e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

Cada curso, o equipo de dinamización da lingua galega elaborará unha memoria que se incluirá na memoria do centro.

Ademais do anterior o equipo de dinamización de lingua galega realizará enquisas entre os distintos estamentos da comunidade educativa para avaliar o uso do galego, e tomar as decisións permanentes sobre as actividades a propoñer á vista dos resultados.